



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

**MÁSTER OFICIAL ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS**

Viaxes e peregrinacións na Idade Media

Mariña Arbor Aldea
Dolores Barral Rivadulla (coordinación)
Marta Cendón Fernández

GUÍA DOCENTE 2021/2022



FACULTE DE FILOLOXÍA. FACULTE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORAS: Mariña Arbor Aldea, Dolores Barral Rivadulla, Marta Cendón Fernández.

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros), sen consentimento expreso por escrito das autoras.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

–Nome e código: *Viaxes e peregrinacións na Idade Media* (P5091206)

–Tipo de materia: Optativa

–Número de créditos ECTS: 6

–Semestre: 2º

–Linguas en que se imparte a materia: galego, español

–Profesoras:

Mariña ARBOR ALDEA, Filoloxía Románica. Facultade de Filoloxía. Despacho 304.

Enderezo electrónico: marina.arbor@usc.gal

Dolores BARRAL RIVADULLA, (coordinadora da materia). Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia. Despacho 30.

Enderezo electrónico: mdolores.barral@usc.es

Marta CENDÓN FERNÁNDEZ, Historia da Arte, Facultade de Xeografía e Historia. Despacho 30. Enderezo electrónico: marta.cendon@usc.es

–Horario de titorías: confirmarase e comunicarse cando comecen as clases.

–Páxina web recomendada: www.usc.es/filrom/teaching/master

–Calendario e horario das clases: as clases expositivas e interactivas desenvolveranse entre abril e maio na **Facultade de Filoloxía no aula DO3** en horario de tarde.

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

A materia *Viaxes e peregrinacións na Idade Media*, como optativa incluída no *Máster Estudos Medievais Europeos. Imaxes, textos e contextos*, ofrece a posibilidade de completar a formación recibida nas materias obrigatorias (sobre todo en *Arte Medieval Europea*, mais tamén en *Literatura Medieval en Linguas Vernáculas* e *A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social*), a través do coñecemento dos límites xeográficos do Medievo –reais ou imaxinarios–, e da súa produción literaria e artística. Ademais, boa parte dos contidos que se desenvolverán neste módulo poden complementar aspectos vinculados a outras materias do máster; así, os temas relativos ao fenómeno da viaxe de peregrinación ofrécense en estreita relación coa materia optativa *A Igrexa e a Espiritualidade Medieval*.

Por outra parte, os sucesivos apartados da materia –sexan estritamente literarios ou presenten un carácter histórico-artístico– contribuirán ao coñecemento dun fenómeno tan

transcendental como a viaxe, que, na Idade Media, contribuíu a cohesionar o territorio e a coñecer e confrontar experiencias con outras culturas distintas da do Occidente medieval.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

–Introducir o alumnado no coñecemento dos límites xeográficos e espirituais do mundo medieval.

–Analizar o xénero “literatura de viaxes” a través dunha serie de obras que, desde os comezos da Idade Media, se amplían e enriquecen ata fixar un canon retórico que vai dar lugar a diferentes subxéneros.

–Presentar exemplos concretos da adaptabilidade do xénero a diferentes sensibilidades no interior do mundo medieval.

–Dar a coñecer as distintas modalidades da viaxe que ofrece o mundo medieval (viaxes reais, viaxes fantásticas, imaxinarias, viaxes oníricas, viaxes espirituais...), así como os distintos obxectivos a que obedecen (pragmático-utilitarios, procura da curación ou da salvación, pescuda do coñecemento interior e/ou exterior...).

1. CONTIDOS

1. A literatura de viaxes

- 1.1. A literatura de viaxes no sistema global de xéneros
- 1.2. Tipoloxía dos textos de viaxes
- 1.3. Trazos estruturais e retóricos dos libros de viaxes
- 1.4. Predeterminación temática: o itinerario e outros contidos

2. A viaxe onírica e imaxinaria

- 2.1. “Peregrinatio, navigatio”. Camiños, mares, naves: a viaxe como metáfora da vida
- 2.2. Dante, *Commedia*
- 2.3. Dante, análise do *Inferno*

3. A viaxe real

- 3.1. A viaxe de peregrinación: Terra Santa, Roma, Santiago de Compostela
- 3.2. Viaxe e cruzada
- 3.3. As rutas dos mercadores. Marco Polo, *Il Milione* ou *Libro das marabillas do mundo*
- 3.4. As *summae* do saber xeográfico. Jehan de Mandeville, *Le Livre des merveilles du*

monde

3.5. Diplomáticos, aventureiros e espías. Ruy González de Clavijo, *Embajada a Tamorlán*

3.6. Sulcando os mares. As primeiras viaxes atlánticas

4. A viaxe de peregrinación

4.1. A mentalidade do peregrino

4.2. Peregrinos a Santiago

4.3. A imaxe do peregrino

4.3.1. Escarcela

4.3.2. Bordón

4.3.3. Cuncha

4.3.4. As insignias da peregrinación

4.4. Cristo Peregrino e Santiago Peregrino

5. Introducción ás cartografías reais e do imaxinario na Idade Media

5.1. O “orbis terrarum” ou a xeografía na súa dimensión teolóxica

5.1.1. Lecturas cartográficas: categorías e interpretacións

5.1.2. Topografía “recreada”

5.1.3. “Gesta”, “loca” e “tempora”

5.1.4. Os habitantes: reflexos de Historias

5.2. A xeografía do Máis Alá

5.2.1. Lugares de salvación

5.2.2. Un espazo para a condena

5.2.3. Lugares intermedios

5.3. “Loca peregrinationis”. Santiago de Compostela / Terra Santa

5.3.1. Santiago de Compostela ou o perímetro urbano da tumba apostólica

5.3.2. A catedral compostelá. Un territorio que explorar: espacialidade, iconoloxía e iconografía

5.3.3. Achegamento a Terra Santa.

CRONOGRAMA DA ASIGNATURA

<i>Data</i>	<i>Hora</i>	<i>Profesora</i>
13/1/22	16.00h-18:00	Mariña Arbor
14/1/22	16.00h-18:00	Dolores Barral
20/1/22	16.00h-18:00	Mariña Arbor
21/1/22	16.00h-18:00	Dolores Barral /
27/1/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
03/02/22	16.00h-18.00h	Dolores Barral
04/02/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
10/02/22	16.00h-18.00h	Dolores Barral
11/02/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
17/02/22	16.00h-18.00h	Dolores Barral
18/02/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
24/02/22	16.00h-18.00h	Dolores Barral
25/02/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
03/03/22	16.00h-18.00h	Dolores Barral
04/03/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
10/03/22	16.00h-18.00h	Marta Cendón
11/03/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
17/03/22	16.00h-18.00h	Marta Cendón
18/03/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor
24/03/22	16.00h-18.00h	Marta Cendón
25/03/22	16.00h-18.00h	Mariña Arbor

5. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA E COMPLEMENTARIA

Alphandéry, P.-Dupront, A., *La Cristiandad y la idea de Cruzada*, México, 1959-1962.

Anguita Jaén, J. M.^º, *Estudios sobre el Liber Sancti Iacobi. La toponimia mayor*

hispana, Santiago de Compostela, 2000.

Aznar Vallejo, E., *Viajes y descubrimientos en la Edad Media*, Madrid, 1994.

Balard, M. (ed.), *Autour de la première croisade: actes du colloque de la Society for the Study of the Crusades and the Latin East (Clermont-Ferrand, 22-25 juin 1995)*, Paris, 1996.

Baltrusaitis, J., *La Edad Media fantástica. Antigüedades y exotismos en el arte gótico*, Madrid, 1994.

Bango Torviso, I., "Santiago peregrino", *Santiago. A Esperanza*, Santiago de Compostela, 1999, pp. 89-97.

Barreiro Rivas, X. L., *La fundación de Occidente. El Camino de Santiago en perspectiva política*, Madrid, 2009.

Beltrán, R. (ed.), *Maravillas, peregrinaciones y utopías: literatura de viajes en el mundo románico*, Valencia, 2002.

Bercovici, C., "Prolégomènes à l'étude de l'Inde au XIII siècle", *Senefiance*, 2, *Voyage, quête, pèlerinage dans la littérature et la civilisation médiévales*, 1976, pp. 223-234.

Bernacchi, M., *Viaggio nel fantastico: la narrativa dell'immaginario dal punto di vista simbolico*, Chiavari, 1997.

Bruna, D., "La difusión des enseignes de pèlerinage", *Pèlerinages et croisades*, Paris, 1995, pp. 201-214.

Cardini, F., "I viaggi di religione, d'ambasceria e di mercatura fra XII e XV secolo", *Gerusalemme d'oro, di rame, di luce*, Milano, 1991, pp. 44-121.

Carmona, F., *Narrativa románica a finales de la Edad Media. Historia y tradición*, Murcia, 1982.

Carmona, F., "La descripción, lo maravilloso, lo real y las *Mirabilia* descripta de Jourdain Cathala de Séverac", *Libros de Viaje*, Murcia, 1996, pp. 87-118.

Carmona, F., "La peregrinación amorosa en la narrativa de los siglos XII y XIII", *Cuadernos del CEMYR*, 6, 1998, pp. 81-95.

Carmona, F., *La mentalidad literaria medieval*, Murcia, 2001.

Carmona, F., "El más allá al final del camino. De Chrétien de Troyes y Montalvo a Conrad y Céline", *La aventura de viajar y sus escrituras, Revista de Filología Románica*, anejo IV, 2006, pp. 135-152.

Carrizo, S. M., "Hacia una poética de los relatos de viajes. A propósito de Pero Tafur", *Incipit*, XIV, 1994, pp. 103-144.

Castelli, P., "Dalla conchiglia di venere alla conchiglia di Sant'Iacopo. La metamorfosi di un simbolo", *Actas del Congreso de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1995, pp. 109-134.

Cordier, H., *Jordanus. Mirabilia Descripta: les merveilles de l'Asie*, par le Père Jourdain Catalani de Séverac, Paris, 1925.

Carrera Díaz, M., *Marco Polo. Libro de las maravillas del mundo*, Madrid, 2008.

Caucci von Saucken, P. (ed.), *El mundo de las peregrinaciones, Roma, Santiago, Jerusalén*, Barcelona, 1999.

Caucci Von Saucken, J., *Il sermone Veneranda Dies del Liber Sancti Jacobi. Senso e valore del pellegrinaggio compostellano*, Betanzos, 2001.

Crone, G.R., *Historia de los mapas*, México, 1998.

Chao Castro, D., "Santiago peregrino", *Santiago. A Esperanza*, Santiago de Compostela, 1999, pp. 426-429.

Chiabò, M.-F. Doglio (eds.), *Letteratura e drammaturgia dei pellegrinaggi*, Roma, 2000.

Deluz, C., *Jean de Mandeville. Le Livre des merveilles du monde*, Paris, 2000.

Díaz Corralejo, V., *La Divina Comedia*, Madrid, 2012.

Díaz y Díaz, M. C., *El Códice calixtino de la catedral de Santiago. Estudio codicológico y de contenido*, Santiago de Compostela, 1988.

Díaz y Díaz, M. C., *De Santiago y de los Caminos de Santiago*, Santiago de Compostela, 1997.

Díaz y Díaz, M. C., "El peregrino en la literatura jacobea", *Compostellanum*, 40, 3-4, 1995, pp. 379-391.

Fernández Arenas, J., "Elementos simbólicos de la peregrinación jacobea", *Actas del Congreso de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1995, pp. 263-302.

Gai, L., "Tabdel retablo de Camerino con la representación de la *traslatio* de Santiago", *Santiago, camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 499-500.

Gil, J., *En demanda del gran Kan. Viajes a Mongolia en el siglo XIII*, Madrid, 1993.

Gil, J., *La India y el Catay. Textos de la Antigüedad clásica y del Medievo occidental*, Madrid, 1995.

Gil, J., *Mitos y utopías del Descubrimiento: I. Colón y su tiempo*, Madrid, 1992.

Gueret-Laferte, M., *Sur les routes de l'Empire Mongol. Ordre et rhétorique des*

relations de voyage aux XIIIe et XIVe siècles, Paris, 1994.

Guía del peregrino del Calixtino de Salamanca, Salamanca, 1993.

Guriévich, A., *Las categorías de la cultura medieval*, Madrid, 1990.

Jacomé, H., "Le bourdon, la besace et la conchille", *Archeologia*, 258, 1990, pp. 42-51.

Kappler, C., *Monstruos, demonios y maravillas a fines de la Edad Media*, Madrid, 1986.

Köster, K., "Les coquilles et enseignes de pèlerinage de Saint-Jacques de Compostelle et des routes de Sant-Jacques en Occident", *Santiago de Compostela. 1000 ans de Pèlerinage Européen*, Europalia 85, España, Centrum voor Kunst en Cultuur, Abbaye Saint-Pierre-Gand, Bruxelles, pp. 85-95.

Lacarra, M^a J., "La imaginación en los primeros libros de viajes", *Actas del III Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, Salamanca, 1994, vol. I, pp. 501-509.

Langlois, Ch-V., *La vie en France au Moyen Age. La connaissance de la nature et du monde*, Paris, 1927.

Larner, J., *Marco Polo y el descubrimiento del mundo*, Barcelona, 2001.

Lecoq, D., "La mappemonde d'Henry de Mayence. Ou l'image du monde au XII^e siècle", *Iconographie médiévale. Image, texte, contexte*, Paris, 1990, pp. 155-207.

Le Goff, J., *Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente medieval*, Barcelona, 1985.

Le Goff, J., *La civilisation de l'Occident medieval*, Champs, 1982.

Leonardi, C. (dir.), *Itineraria. Letteratura di viaggio e conoscenza del mondo dall'Antichità al Rinascimento*, Firenze, 2004.

López Estrada, F., *Ruy González de Clavijo. Embajada a Tamorlán*, Madrid, 1999.

López Martínez-Morás, S., *Épica y Camino de Santiago. En torno al Pseudo-Turpín*, Sada, 2002.

Márquez Villanueva, F., *Santiago: trayectoria de un mito*, Barcelona, 2004.

Menéndez Pidal De Navascués, F., "Emblemas de peregrinos y de la peregrinación a Santiago", *El Camino de Santiago. La hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, Salamanca, 1992, pp. 365-373.

Menesto, E., "Le relazioni di viaggi e di ambasciatori", *Lo spazio letterario del Medioevo*, a cura di G. Cavallo, C. Leonardi, E. Menestò, vol. I/II. *Il Medioevo latino. La produzione del testo*, Roma, 1992, pp. 535-600.

Moisan, André, *Le livre de Saint-Jacques ou Codex Calixtinus de Compostelle*, Paris, 1992.

Moralejo, A., Torres, C., Feo, J., *Liber Sancti Jacobi "Codex Calixtinus"*, Santiago de Compostela, 1951 [reed. X. Carro Otero, Viveiro, 1998].

Pérez Priego, M. A., "Estudio literario de los libros de viajes", *Epos*, 1, 1984, pp. 217-239.

Petrocchi, G., *Dante Alighieri. La Commedia secondo l'antica vulgata*, Firenze, 1994 [seconda ristampa riveduta].

Petrocchi, G.-Martínez de Merlo, L., *Dante Alighieri. Divina comedia*, Madrid, 1996.

Picone, M., "La nave mágica", *Percorsi della lirica duecentesca*, Firenze, 2003, pp. 145-165.

Picone, M., "Dante argonauta, Ovidius ridivivus", *Von Ovid zu Dante*, a cura di M. Picone e B. Zimmermann, Stuttgart, 1994, pp. 173-202.

Picone, M., *Percorsi della lirica Duecentesca*, Firenze, 2003.

Popeanga, E., "El discurso medieval en los libros de viaje", *Revista de Filología Románica*, 8, 1991, pp. 149-162.

Plötz, R., "La mentalidad del peregrino", *Scandinavia. Saint Birgitta and the Pilgrimage Route to Santiago de Compostela. El mundo escandinavo, Santa Brígida y el Camino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2002, pp. 353-385.

Plötz, R., "Santiago *benedictio perarum et baculorum*", *Santiago, camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 333-334.

Pressouyre, L. (ed.), *Pèlerinages et croisades: Actes du 118^e Congrès national annuel des sociétés historiques et scientifiques*, Pau, octobre 1993, Paris, 1995.

Pulega, A., *Da Argo alla nave d'amore: contributo alla storia di una metafora*, Firenze, 1989.

Pupo-Walker, E., *La vocación literaria del pensamiento histórico en América*, Madrid, 1982.

Revelli, G., *Da Ulisse a... Il viaggio per mare nell'immaginario letterario e artistico*, Pisa, 2003.

Rey Castelao, O., *Los mitos del Apóstol Santiago*, Santiago de Compostela, 2006.

Richard, J., "Le vogue de l'Orient dans la littérature occidentale du Moyen Âge", *Mélanges d'art et d'histoire. Mélanges offerts à René Crozet à l'occasion de son soixante-dixième anniversaire*, Poitiers, 1966, pp. 557-561.

Richard, J., "Voyages réels et voyages imaginaires, instruments de la connaissance

géographique au moyen âge”, *Culture et travail intellectuel dans l’Occident médiévale*, Paris, 1981, pp. 211-220.

Romanini, A. M. (ed.), *Enciclopedia dell’arte medievale*, Roma, 1991-1996.

Rubio Tovar, J., *Libros españoles de viajes medievales*, Madrid, 1987.

Runciman, S., *Historia de las Cruzadas*, Madrid, 1973.

Santiago. A Esperanza, Santiago de Compostela, 1999.

Santiago, camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela. Catálogo de exposición, Santiago de Compostela, 1993.

Santiago de Compostela. 1000 ans de Pélerinage Européen, Europalia 85, España, Centrum voor Kunst en Cultuur, Abbaye Saint-Pierre-Gand, Bruxelles, 1985.

Santiago, la Europa del peregrinaje, Barcelona, 1993.

Santiago-Otero, H. (coord.), *El Camino de Santiago. La hospitalidad monástica y las peregrinaciones*, Salamanca, 1992.

Scandinavia. Saint Birgitta and the Pilgrimage Route to Santiago de Compostela. El mundo escandinavo, Santa Brígida y el Camino de Santiago, ed. bilingüe de E. Martínez Ruíz y M. di Pazzis Pi Corrales, Santiago de Compostela, 2002.

Sinor, D., *Le Mongol vu par l’Occident en 1274, Année charnière, Mutations et continuité*, Paris, 1978.

Stierle, K., *Il grande mare del senso, Esplorazioni “ermeneutiche” nella Commedia di Dante*. Edizione italiana a cura di Christian Rivoletti, Roma, 2014.

Sutto, C., “L’image du monde à la fin du moyen âge”, *Aspects de la marginalité au Moyen Age. Actes du premier colloque de l’Institut d’Etudes médiévales de l’université de Montreal, les 6 et 7 avril 1974*, Montréal, 1975.

Taylor Simeti, M., *Viajes con una Reina Medieval*, Buenos Aires, 2004.

Thrower, N. J. W., *Mapas y Civilización. Historia de la Cartografía en su contexto cultural y social*, Madrid, 2002.

Torra Pérez, A., “*Ordo ad sportas dandas his qui peregrinandi sunt. Rituale monasticum de Sant Cugat del Vallés*”, *Santiago, camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela, 1993, pp. 335-337.

Vázquez De Parga, L.-Lacarra, J. M.-Uría Riu, J., *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, ed. facs. de la realizada en 1948 por el C.S.I.C., Pamplona, 1992, 3 vols.

Vázquez De Parga, L., “La peregrinación y el culto a las reliquias en la Antigüedad

pagana y cristiana”, *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, ed. facs. de la realizada en 1948 por el C.S.I.C., Pamplona, 1992.

Vida y Peregrinación, Madrid, 1993.

Verdon, J., *Il viaggio nel Medioevo*, Milano, 2001.

Vuolo, E., *Il mare amoroso*, curato da E. Vuolo, Roma, 1962.

Viajeros, peregrinos, mercaderes en el Occidente Medieval, Pamplona, 1992.

Zaganelli, G., *Navigatio medievale*, Roma, 2006.

Zampese, J., *Ulisse: il ritorno e il viaggio. Un mito universale tra passato e presente*, Firenze, 2003.

Zumthor, P., *La medida del mundo. Representación del espacio en la Edad Media*, Madrid, 1994.

6. COMPETENCIAS

–Establecimiento de vínculos da literatura de viaxes con outros xéneros literarios medievais e coas diferentes manifestacións artísticas da época.

–Capacidade para razoar os cambios de perspectiva que se produciron co progresivo coñecemento do mundo na Idade Media, de maneira particular no relativo aos procesos de elaboración de mapas, de coñecemento da imaxe medieval da terra e dos conceptos do espazo real e imaxinario; coñecemento da evolución e dos cambios que este coñecemento provoca nos escritos de viaxes e peregrinacións.

–Capacidade para comprender e analizar textos escritos en diversas linguas románicas, así como en latín, manexando un sistema relativamente complexo de referencias textuais, artísticas e históricas.

–Capacidade para vincular as distintas modalidades de peregrinación e viaxe nas súas coordenadas históricas, políticas e doutraíndole.

–Entender a pegada que deixou o fenómeno das peregrinacións na concepción do espazo e da imaxe.

–Coñecer e aplicar os recursos vinculados ao fenómeno da peregrinación aos valores que leva implícito o seu desenvolvemento.

–Dominar e aplicar a presentación e resolución de hipóteses relacionadas coa peregrinación en virtude da demanda da sociedade actual.

–Comprender a integridade do fenómeno das peregrinacións e as súas diversas

manifestacións.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

–Presentación e explicación dos contidos teórico-prácticos correspondentes aos diversos apartados que configuran o programa.

–Posta en común na clase dos conceptos teóricos previamente expostos, aplicados aos textos e lecturas pertinentes.

–Saídas fóra da aula con algún dos profesores (visitas a institucións e monumentos, por exemplo; Museo Terra Santa, Museo das peregrinacións, catedral,...)

–Elaboración dun único traballo final relacionado cunha das partes da materia e baixo a supervisión dunha das docentes. O traballo entregárase en versión papel e telemática a cada un dos docentes da materia para a correspondente avaliación.

ACTIVIDADES	Horas presenciais	Horas non presenciais dirixidas	Horas de traballo autónomo	Total
Clases expositivas	18	---	20	38
Clases interactivas	24	15	30	69
Traballo escrito	-	12	25	37
Titorías		6	---	6
	42	33	75	150

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Do total, 75 horas (50%) dedicaranse ao traballo dirixido polas docentes e as outras 75 horas (50%) ao traballo libre por parte do discente. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 42 de actividades formativas presenciais e 33 de actividades dirixidas non presenciais.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os estudantes deben asistir ás clases presenciais, interactivas e saídas fora da aula, participando nas actividades propostas e achegando comentarios e observacións persoais, coa axuda da bibliografía e da introdución teórica das clases expositivas (30% da nota).

Ademais, cada estudante deberá elaborar individualmente un único traballo escrito monográfico, que deberá respectar as pautas formais que figuran na guía da materia. O tema será seleccionado entre un listado de propostas ou elixido directamente polo alumno baixo a supervisión dunha titora da materia.

A extensión do traballo debe estar entre as 12-15 páxinas.

Para o alumnado sen dispensa de asistencia, as faltas deberán compensarse co resumo dalgún artigo relacionado coa bibliografía da materia ou cun comentario que asignará a profesora correspondente.

A data de entrega dos traballos da primeira oportunidade non pode superar o límite dun mes despois de finalizar as clases, é dicir, non poderá ser posterior ao **6 de xuño de 2021; a entrega de traballos fíxanse no día 15 de xuño para a segunda oportunidade.**

Os traballos da materia deberán remitirse por correo electrónico institucional a todas as profesoras e, de ser factible, aínda que non é obrigatorio, entregarse unha copia en papel.

En todas estas tarefas que terá que entregar o alumnado para a súa avaliación, seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, **é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.**

9. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

1. Literatura: <http://www.ahlm.es>

1.1. Literatura medieval (francesa)

<http://www.sscle.org/> Society for the study of the Crusades and Latin East.
<http://www.menestrel.fr/> Sitio web dos medievalistas franceses. <http://www.arlima.net>
Bibliografía de literatura medieval (esencialmente francesa.)

1.2. Literatura medieval(italiana) <http://www.classicitaliani.it/>

2. Lugares, especies e habitantes na Idade Media: <http://www.fordham.edu/-halsall/sbookmap.html>; http://historymedren.about.com/od/maps/Maps_and_Geography_of_Medieval_Times.htm; <http://www.maphistory.info/>; <http://classes.bnf.fr/idrisi/>; <http://classes.bnf.fr/ebstorf/index.htm> <http://murallasantiagodecompostela.com/?idioma=es>

3. Libros de viaxes na España medieval: <http://libviajes.iespana.es/>

10. RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS

- O marabilloso nos libros de viaxes (Mariña Arbor).
- A noción de viaxe na Idade Media a través das fontes literarias (Mariña Arbor).
- A viaxe como metáfora da vida (Mariña Arbor).
- A imaxe dos peregrinos no medievo (Marta Cendón)
- Representacións do espazo no románico e no gótico (Dolores Barral).
- Habitantes da marxinalidade, o románico e o gótico (Dolores Barral).
- Representacións celestiais na arte baixomedieval hispana (Dolores Barral).
- A catedral de Santiago. Real e imaxinario na sé compostelá (Dolores Barral).

11. NORMAS PARA A CONFECCIÓN E PRESENTACIÓN DO TRABALLO

Cada estudante traballará baixo a tutela dunha das profesoras da materia.

PRESENTACIÓN. Máximo 15 páxinas (a extensión do traballo debe abranguer entre 12-15 páxinas; neste límite non se inclúe índice de contidos nin bibliografía final), en letra Times New Roman (ou similar), corpo 12, con espazo 1,5 entre liñas. As notas deben ir a pé de páxina, en corpo 10 e a espazo simple.

CONTIDO. Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que debe **combinar observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema seleccionado** polo estudante. Resulta fundamental a lectura atenta e coidadosa dos materiais obxecto de estudo. É imprescindible que o traballo se presente ben redactado, cunha ortografía e puntuación correctas. Debe incluírse un índice ao principio do traballo, unha breve introdución que explique os obxectivos perseguidos e un apartado de conclusións na parte final.

Debe evitarse toda forma de plaxio e de autoplaxio (isto é, non é lícito –e será penalizado– aproveitar total ou parcialmente outros traballos, aínda que sexan da autoría do mesmo estudante), e vixiarase especialmente este tipo de práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial) de texto e, advertido o estudante, non se leve a cabo unha rectificación e corrección, o traballo poderá ser cualificado como suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesoras da materia a consideración dos casos particularmente ambiguos.

Ademais, non se debe abusar de citas bibliográficas, especialmente se son longas; é preferible adoptar as ideas principais e, necesariamente, remitir ás obras en cuestión para

completar a información. Todas as referencias bibliográficas deben ser convenientemente identificadas no texto e recollidas nunha bibliografía final, segundo un dos seguintes modelos:

Referencias no texto ou en nota segundo o modelo: Apelido, ano: pp. Na bibliografía final preséntase:

- a) Apelido, N. (ano), *Título libro*, lugar:editorial.
- b) Apelido, N. (ano), “Título capítulo”, *Título volume*, lugar: editorial, pp.
- c) Apelido, N. (ano), “Título artigo”, *Revista*, vol.,pp.

Referencias no texto ou en nota segundo o modelo: Apelido, *Tít.abrev.*, pp. Na bibliografía final preséntase:

- d) Apelido, N., *Título libro*, lugar: editorial,ano.
- e) Apelido, N., “Título capítulo”, *Título volume*, lugar: editorial, ano, pp.
- f) Apelido, N. (ano), “Título artigo”, *Revista*, vol., ano, pp.

12. OBSERVACIÓNS. PLAN DE CONTINXENCIA

“Escenario 2: distanciamento” definido pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA

Combinarase a docencia presencial coa virtual.

1) **A docencia expositiva será impartida maioritariamente de xeito virtual**, a partir do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunhas clases a través da ferramenta para vídeo-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) **A docencia práctica interactiva será impartida maioritariamente de xeito presencial**. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudo, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas, tendo como marco de desenvolvemento a presencialidade na aula. Estas clases prácticas interactivas de carácter presencial constituirán un mecanismo de avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Manterase o desenvolvemento dunha **avaliación continua** integrada por dous elementos complementarios:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestións diversas a partir dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático deberán ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimento da aprendizaxe). Estas tarefas deberán ter unha especial relevancia na súa realización e

posta en común durante as clases interactivas. Tamén se incluírá a posta en común e presentación oral dalgunhas destas tarefas durante estas clases interactivas presenciais.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica, e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico institucional no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas, que terá que realizar e entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, **é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.**

“Escenario 3: Peche Das Instalación” pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA

Só se poderá desenvolver a docencia de xeito virtual.

1) **A docencia expositiva será impartida exclusivamente de xeito virtual**, a partir do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico institucional, ferramenta TEAMS para conexión síncrona etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunhas clases a través da ferramenta para vídeo-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.

2) **A docencia interactiva será impartida tamén exclusivamente de xeito virtual.** Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do

alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudo, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas. Neste caso terán como marco de desenvolvemento as plataformas e ferramentas virtuais como TEAMS, o “foro” e outras aplicación e ferramentas de comunicación da aula virtual da materia, así como o propio correo electrónico institucional. Estas clases interactivas constituirán un mecanismo de avaliación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

Manterase o desenvolvemento dunha **avaliación continua**:

1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestións diversas a partir dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático deberán ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimento da aprendizaxe) por medio do correo electrónico institucional ou dos instrumentos e ferramentas que para tal finalidade están contidos na aula virtual. Estas tarefas, que terán unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas que se poidan desenvolver on-line, poderán alternar a realización individual coa grupal por parte do alumnado.

2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica (con especial atención ás referencias bibliográficas dispoñibles on-line), e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico institucional no prazo fixado, o profesorado revisará e corrixirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas, que terá que realizar e entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións da USC referidas ao plaxio e

ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, **é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.**